

PENEDOS DE PASARELA

TERRA DE SONEIRA - GALICIA

Seminario de Estudos Comarcais
www.semecom.org

Calendario 2009

A Galla da Pena Forcada (258 m)



Do bardo o corazón cual verdexante
val é, can do tormenta non o acaba;
mais dispois que sofrío é semellante
aos penedos hórridos que Traba
e Pasarela cercan, qu'ó pasante,
cual feos restos de fervente lava,
admira, e que embozados en nebrina
mostran a súa grandísima ruína.

Eduardo Pondal, *Os Eoas*, 1881-1917

Penedos enormes con rostro humanoide. Con forma de animais. Con caprichos surreais. O Henry Moore ficaría sen fala e o Chillida seguramente se dedicaría a outra cousa.

Manuel Rivas, 1997



Seminário de Estudos Comarcais
www.semescm.org

Xaneiro

Penedos de Passarela e Traba. Vista xeral. Foto XMLS.

01

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



A acrópole de Soneira está entre o triángulo formado por tres lugares míticos: Pasarela, Camelle e Traba. A gran cidade vese ben desde lonxe, por mar e por terra. O granito salvaxe feito arte. Se na Atenas clásica eran a filosofía e as artes o que sobresaía á beira do Partenón, nesta acrópole é a maxia, a dos vellos druídas facendo bebedizos e sacrificios sanguentos a máis do vento e o tempo os que van modelando as figuras máxicas nas pedras.

Vicente de Lema, 2006

Non fai falta viaxar ata Cuenca para ver unha cidade encantada. E ademais sen necesidade de pagar entrada. Os penedos de Traba e Pasarela, sobre todo os seus principais macizos —A Cachucha, Pena Forcada e a Torre de Moa—, forman un auténtico museo xigante no que cada un pode observar tantas figuras como sexa capaz de imaxinar.

Xosé Ameixeiras, 2006



Febreiro

Penedos de Pasarela e Traba. A Pedra da Cachucha (208 m) coa canteira de 1997 ó seu pé *Foto XMLS.*

02

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	



As pedras son pedras

A. Rodríguez, alcalde de Vimianzo, 2006

Nos Estados Unidos moitos pensaron facerse de ouro explotando os diversos minerais que se atopan no Gran Cañón do Colorado. Mais un destes mineiros decatouse, xa no séc. XIX, de que a riqueza estaba no turismo e non na explotación mineira e deixou os picos e as pas para erguer a primeira infraestrutura hoteleira da zona. Hoxe ninguén pensa na posible riqueza mineira deste lugar. O problema son as moitas visitas.

Manuel Vilar, 2006



Marzo

Penedos de Pasarela e Traba: a Torre Moa (244m) e a Galla da Pena Forcada (258 m). *Foto XMLS.*

03

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					



Penedos de Paparela,
cando vos vexo penedos,
suspiro de amor por ela

Eduardo Pondal, 1886.

Uns dos máis estupendos erguementos de penedos de Galiza, os de Traba e de Pa-
sarela, míranse desde Vimianzo ou desde o Faro de Corme. Os seus dentes e poutas
afíanse riba dos ondeares mainos de formas das outras terras.

Ramón Otero Pedrayo, 1962

¡As pedras son pedras! Tamén a catedral de Santiago está feita de pedra e a ninguén
se lle ocorre picala.

Manuel Giadás, 2006



Penedos de Pasarela e Trabada. Penedos con forma de coello e de pallaso. Foto XMLS.

Abril

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			



As pedras non se comen

A. Rodríguez, alcalde de Vimianzo, 2007

Traba de Laxe, figueiral de Mérdomo, Gundar, Aplazadiuro... E alí está o canto de Pondal e alí están os Penedos de Pasarela que hoxe a barbarie cobizosa do lucro quer destruír coa dirección dos st da do alcalde de Vimianzo.

X. L. Méndez Ferrín, 2006

A Costa da Monte non hai que inventala. Hai que protexela. No tempo dos parques temáticos, isto é un parque máxico. A natureza fixo o traballo. Os deseños, as esculturas inimitables.

Manuel Rivas, 1997.

Non é a pasarela Cibeles, nin a Gaudí, aínda que tamén é unha mostra de creación e unha oportunidade de negocio. É a Pasarela de Vimianzo, un lugar coroado por uns penedos que son a proba máis definitiva de que a natureza supera á arte.

X. M. Pereiro, 2006



Penedos de Passarela e Traba. Penedo con forma de camelo do deserto sahariano. *Foto XMLS.*

Maio

Seminário de Estudos Comarcais
www.semescom.org

05

L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



Os que soñan que unha canteira, lles vai encher os petos, deberían buscar casos semellantes en Galicia. Vimianzo non é O Porriño, e cinco empregos ou un puñado de euros non poden xustificar o ataque a unha paisaxe. As canteiras esgótanse e os penedos non. É máis, co turismo como a única perspectiva realista de desenvolvemento, eles poden ser o auténtico petróleo de Pasarela. Non hai canteira en Ordesa.

Eduardo Eiroa, 2006

Resolución do 18 de abril de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se acorda iniciar o procedemento de declaración da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba (Vimianzo e Laxe, provincia da Coruña), así como someter a información pública o proxecto de decreto polo que se declara.

Diario Oficial de Galicia, 12 de maio de 2008



Xuño

Penedos de Pasarela e Traña. Penedo con forma de aguia? ¿de nave espacial? (visto desde o sur). *Foto XMLS.*

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

06



Penedos enormes con rostro humanoide. Con forma de animais. Con caprichos surreais. O Henry Moore ficaría sen fala e o Chillida seguramente se dedicaría a outra cousa.

Manuel Rivas, 1997

Hai quen di que son coamento pedras. Pois ben, os penedos de Pasarela e Traba son moito máis que pedras. Igual que os máis fermosos bosques son moito máis que madeira, nin tampouco o corpo humano é unha morea de carne e ósos. Os Penedos de Pasarela son monumentos naturais, é arte da natureza feita amorosamente durante miles e miles de anos polos dedos do tempo. Unha obra de arte da natureza, unha marabilla irrepitible, respectada tamén durante miles de anos polos devanceiros

Manuel Rivas: *A fermosa xeografía da dignidade*
(manifesto lido na Marcha polos Penedos o 11-6-2006)



Penedos de Pasarela e Traba. Penedo con forma ÷de man? ÷de pouta? (visto desde o nordés). *Foto XMLS.*

Xullo

07

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		



As pedras só serven para facer casas

A. Rodríguez, alcalde de Vimianzo, 2007

Os especialistas falan de rochas zoomórficas e antropomórficas. Pero para calquera mirada humana, para calquera ollo que non sexa simple depredador, esa paisaxe non necesita definición. Emociona, sobrecolle, vólvese inesquecible. Conservala non é só unha obriga de tipo cultural e ecolóxico. É un investimento de futuro.

Manuel Rivas, 1997

O noso vento mareiro leva séculos traballando para nós en dous oficios: escultor e músico. A música digamos que foi algo natural. Sen esforzo ningún zoa que zoa por todos os currunchos, pero o de escultor xa lle levou máis tempo. Pasaba fungando durante meses por Braño, Pasarela e Traba.

M. Suárez Suárez, 2006



Seminário de Estudos Comarcais
www.semecom.org

Agosto

Perceiros de Pasarela e Traba. ¿Un cantor melódico? Foto XMLS.

08

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						



No Val de Vimianzo affíanse no ceo as feitureas atopadas dos penedos de Pasarela que, xunguidos cos de Traba, da mesma potente familia de pedra de gra, presiden os horizontes mariños desde Corme a Lourido.

R. Otero Pedrayo, 1962

Os Penedos de Traba e Pasarela constitúen un conxunto natural de enorme valor paisaxístico, turístico e arqueolóxico, apenas aproveitado. Forman parte importante do patrimonio da nación e deberían ser, polo menos, catalogados e preservados.

M. Sánchez Dalama, 2006

A declaración de monumento natural debe levar consigo a elaboración e execución dun plano especial de actuación que debería contemplar: a delimitación da zona; a elaboración dun catálogo de elementos prehistóricos, históricos, paisaxísticos, naturais e culturais significativos; a elaboración de rutas de sendeirismo; un plan de sinalización; a edición de material divulgativo; a creación dun punto de información, etc., actuacións todas elas que contribuirían á protección e posta en valor dos penedos como un activo para a Terra de Soneira, o conxunto da Costa da Morte e Galiza enteira.

C. Aymerich e P. G.Mariñas: *Proposición non de lei para declarar os Penedos de Pasarela e Traba Monumento Natural*; Parlamento de Galicia 14-2-2006



Penedos de Pasarela e Traba. O berrón. Foto XMLS.

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

09



As moitas veces que levo percorrido estas fermosas paraxes dos Penedos, sempre aparece o mesmo comentario entre os camiñantes de por qué estes espazos tan emblemáticos non teñen ningún tipo de protección, e de cómo os concellos nos que están situados non os ofertan como rutas turísticas, xa que non supón case ningún gasto a súa posta en valor. Se acceso, poñer algúns sinais indicativos e publicar algún folleto.

Xan Fernández Carrera, 2006.

Os penedos de Pasarela e Traba son obras de arte da natureza. Son pedras enormes que a auga e o vento foron modelando durante miles de anos e agora forman un gran museo ao aire libre ameazado polo proxecto dunha canteira. En 1835 o Instituto Geolóxico y Minero de España declarounos Formas Singulares no primeiro mapa xeolóxico de Galicia elaborado por Guillermo Schulz.

Xosé Ameixeiras, 2006



seminario de Estudos Comarcais
www.semescom.org

Outubro

Penedos de Pasarela e Traba. ¿Un moa da Illa de Pascua? ¿Unha cabeza de dinosauro? Foto XMLS.

10

L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



As paisaxes non dan traballo, as industrias si.

A. Rodríguez, alcalde de Vimianzo (2008)

Galicia, en pouco tempo, percorreu un camiño moi feo para os seus propios intereses. Isto é pan para hoxe e fame para mañá. O patrimonio complementario ás cidades son as paisaxes naturais, e as paisaxes naturais máis bonitas de España están en Galicia.

Salvador Rueda, 2006

En plena Costa da Morte, e abrazando o mítico val de Traba, atópanse os Penedos de Traba e Pasarela, insólitas formacións graníticas que, estudadas en toda a súa formación paisaxística e arqueolóxica, pouco terían que envexar a lugares que reciben centos de visitantes ó ano, como son a irlandesa Calzada dos Xigantes (Patrimonio da Humanidade) ou as formacións rochosas do Parque Nacional de Arches, nos Estados Unidos.

M. Sánchez Dalama, 2006.



Penedos de Pasarela e Traba. Penedo en forma de zafra. Foto A.L.

11

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						



Tras de Pasarela, entre Vimianzo e Traba deaxe, está un dos centros de arte máis abraiantes de Galicia. Alí están as rochas zoomórficas e antropomórficas que cantou Pondal e que enfeitizaron a Círculo Pedrayo, quen tanto tiña visto.

Manuel Rivas, 1997.

Nos imponentes Penedos de Traba supoñen algúns autores que estiveron as tres Aras Sestianas, altares que o cónsul romano Sestio mandou erixir en honor ó emperador Augusto. Delas falan os cronistas romanos Mela e Plinio o Vello (séc. I) e o grego Ptolomeo (séc. II).

X. M^a Lema, 1993.



Seminário de Estudos Comarcais
www.semescm.org

Dezembro

Penhas de Pasarela e Traba. Foto XMLS.

12

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			



Os Penedos de Traba e Pasarela son formacións únicas no mundo. Na obra *Landforms and Geology of Granite Terrain* (Holanda, 2005) figuran entre as mellores paisaxes graníticas do universo. Este tipo de paisaxes posibilitaría poñer en marcha o que noutros lugares se chama turismo científico.

Juan R. Vidal Romaní, 2006

Polo tanto, débese manter a integridade dos valores xeomorfolóxicos presentes na zona dos Penedos de Pasarela e Traba. (...) A paisaxe dos penedos constrúe un conxunto singular formando unha dorsal que se estende desde A Cachucha ata a Torre da Moa, pasando pola Pena Forcada, formando un impresionante fondo visible tanto desde a localidade de Pasarela como, dun xeito especial, desde a area de Traba. Situados desde o areal que pecha a lagoa pódese contemplar unha das paisaxes máis fermosas da costa de Galicia. Os penedos indícanos a súa relación con longos procesos de tipo tectónico durante o cal as rochas foron fracturadas, erguidas ou afundidas (...). Por iso os penedos non son pedras que se poden esnaquizar: son o froito dunha longa e complexa evolución xeodinámica.

Silueta penedos: Roberto Mouzo Lavandeira

Deseño: X. M^a Lema / M. Suárez Suárez

Produción: M. Suárez Suárez

Fotos: Xosé María Lema Suárez (XMLS), A. Lavandeira (A.L.)

Edita: SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS DA COSTA DA MORTE



SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS
PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
DA COSTA DA MORTE



Penedos de Pasarela

TERRA DE SCULPTURA GALICIA



Seminario de Estudos Comarcais
www.semesc.org